Venres 13, ás 9,00 da noite
Praza de Abaixo. Agosto'99



# MARX1/2
## (BANDA DE RIBADEO)

Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo

EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO

chenchu

Como en anos anteriores, a Banda reserva para o tradicional concerto de clausura de «Mar por médio» a primeira interpretación no verán da máis ambiciosa obra do repertório de temporada da agrupación: desta volta, a fantasia latina **El Camino Real**, do norde-americano Alfred Reed. **El Camino Real** é unha obra orixinal para Banda Sinfónica (non se trata dunha transcripción) de estrutura ternária *rápido-lento-rápido*; o ouvinte perpicaz captará ao final, en plena explosión sinfónica, un tema que minutos antes soou, líricamente, na sección lenta.

A Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo completa este seu coidado concerto cunha páxina clásica recén re-incorporada ao seu repertório e xa interpretada no concerto nouturno oferecido a pasada semana, o célebre **Adagio** de Tomaso Albinoni (ésta si en transcripción para sopros); coa obertura **Spartanburg**, de Kopetz, tocada por primeira vez no concerto do pasado 25 de Xullo; coa levemente descriptiva fantasia **Oregón**, do holandés Jacob de Han; e coas máis populares pasaxes da banda sonora de **Indiana Jones**, de John Williams.

En atención diplomática aos profesores e estudosos universitários que istos días nos visitan, e dado o carácter institucional do concerto e do foro cultural que o motiva, o programa péchase coa solene interpretación dos hinos nacionais británico e galego.

# P R O G R A M A

**Spartanburg** (Obertura) .............. Barry E. Kopetz

**Adagio** .............................................. T. Albinoni

**O Camiño Real** ................................. Alfred Reed

**Oregón** ............................................ Jacob de Han

**Indiana Jones** ................................ John Williams

**Hino Inglés**

**Hino Galego**

HERNÁN NAVAL
Director

Próximos concertos

Luns 16 de agosto, 1 da tarde. Rúa San Roque
Concerto da **Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo**

Xoves 19 de agosto. 11 da noite. Praza de Abaixo
Recital de Música de Cámara

Sábado 21 de agosto. 8:30 da tarde. Praza de Abaixo
**V Festival de Bandas**: Sárria, Silleda e Ribadeo